

MARZO
2026



8 M

DÍA INTERNACIONAL DA MULLER

O 8 de marzo, millóns de mulleres de todo o mundo saíran ás rúas por e para a igualdade. Dende a celebración dos dereitos adquiridos, grazas á loita de moitas mulleres, as manifestacións reclamarán a súa consolidación e a necesidade de seguir avanzando cara a una sociedade libre de violencias machista e máis igualitaria.

Trátase dunha reivindicación dos dereitos das mulleres. De todas as mulleres.


O obxectivo é sensibilizar á sociedade e potenciar a igualdade real de xénero. Neste sentido, no 8M tamén se recorda que as violencias contra as mulleres son a máis amarga expresión das sociedades machistas.



A manifestación do 8M é una xornada de unión das mulleres de todo o mundo, sen importar a súa procedencia, a súa raza, a súa profesión, ...

O 8M é una xornada de celebración e tamén de loita que foi adoptado pola Asemblea Xeral da ONU en 1977. A súa orixe está nas manifestacións das mulleres que, especialmente en Europa, reclaman a comezos do século XX o dereito ao voto, mellores condicións de traballo e igualdade entre mulleres e homes.

Celébrase o día 8 porque un 8 de marzo do ano 1917 as mulleres rusas puxéronse en folga pedindo pan e paz. Apenas uns días despois o zar veuse obrigado a abdicar e o goberno provisional concedeu ás mulleres o dereito de voto.




"Un contiño para vivir"**Resiliencia**

Hai palabras que aínda que non son novas póñense de moda outra vez, antes aplicábanse para o mundo da empresa e agora xa están en todas partes.

O termo vai significar máis ou menos a "capacidade que ten o ser humano de adaptarse a todas as circunstancias" por iso somos capaces de sobrevivir a situacións ás veces demasiado penosas.

Agora que estamos a piques de atoparnos de novo coa Semana Santa que remata cun encontro no que todos unidos celebramos a "Boa Nova", penso que na vida non se vive sen malos e bos momentos, pero si precisamos, como na celebración do sábado de Gloria, desas persoas que nos momentos fracos nos tenden unha man, que fan coma unha gran cadea de bondade que nos rodea a todos e que nos empurran cando iso sucede, espabilánnos, fan que continuemos tirando para adiante, persoas que moitas veces están cheas do amor do noso Deus e outras non, pero que nos enchen da maxia de poder aplicar a resiliencia no noso día a día, e ser nun futuro, outra parte desa cadea de amor que creamos co axuda do noso Pai.

Sexamos resilientes e cando non poidamos ou non teñamos xa máis forza, miremos para o noso carón e botemos man deses anxos que están no noso camiño. En definitiva, VIVAMOS.

**O SANTO PARA O MES****en marzo****o día 6:****OLEGARIO**

É un nome de orixe xermánica a través da forma latinizada "olegarius".

San Olegario, prelado barcelonés, coengo de santo Hadrián, abade do mosteiro de San Rufo de Aviñón, logo nomeado bispo da cidade de Barcelona no ano 1115, e dous anos máis tarde arcebispo de Tarragona. Asistiu ao concilio de Reims no ano 1119. Foi exemplo de humanidade. Pola súa iniciativa foi construída a catedral de Tarragona. Faleceu no ano 1137, e os seus restos repousan na catedral de Barcelona. É o patrón da cidade condal, e tamén o é dos cazadores xa que segundo a lenda axudou a un cazador pouco afortunado.

CONSELLO

"Deus sabe que nunca debemos avergoñarnos das nosas bágoas, porque son a choiva que lava o po cegador da terra que cobre os nosos corazóns endurecidos." Charles Dickens (1812-1870)"

COUSAS DA FE E DA IGREXA DE "OS COTOS"



1 de marzo

Día da cero discriminación



Todas as persoas teñen talentos únicos, non importan o diferentes que poidan parecer os seus gustos e preferencias. Todos os seres humanos gozan dos mesmos dereitos.

Aínda que fixemos moitos avances, queda moito traballo. Uns datos estremecedores:

- * 134 países penalizan explicitamente e perseguen a exposición, ocultación o transmisión do VIH (sida).
- * 20 países penalizan o perseguen as persoas transxénero.
- * 67 países penalizan as relacións sexuais entre persoas do mesmo sexo.

A discriminación pon en perigo a vida das persoas. O obxectivo principal deste día é deter os actos de discriminación que se poidan estar a producir nas escolas, nos lugares de traballo, nos centros de saúde, nas comunidades, e en moitos outros lugares.



Os seres humanos constrúen demasiados muros e moi poucas pontes.



O Papa León XIV: "Ante os inmigrantes"

"Os inmigrantes non poden nin deben atoparse coa frialdade da indiferenza nin co estigma da discriminación"

"A igrexa rexeita toda forma de discriminación ou acoso por motivos de raza, color, condición de vida ou relixión"

LECTURAS BÍBLICAS NOS DOMINGOS DE MARZO

DÍA 1	LECTURA	Xen 12, 1-4	Abraham púxose en camiño
	EVANXEO	Mt 17, 1-9	Erguédevos, non teñades medo
DÍA 8	LECTURA	Rm 5, 1-2. 5-8	O amor de Deus está en Cristo dando vida
	EVANXEO	Xn 4, 5-42	Cristo é auga viva
DÍA 15	LECTURA	Ef 5, 8-14	Andade coma fillos da luz
	EVANXEO	Xn 9, 1-41	Cristo é a luz da vida
DÍA 22	LECTURA	Ez 37, 12-14	Vou poñer en vós o meu espírito de vida
	EVANXEO	Xn 11, 1-45	Cristo é a resurrección e a vida
DÍA 29	LECTURA	Is 50, 4-7	O Señor axudárame
	EVANXEO	Mt 26, 14 - 27, 66	Paixón de Cristo ao dar a vida